


ESTREA EN NUMAX: 04.04.2025 | V.O.S.E. | TP | 99 min

Ángela, unha muller xorda, vai ter un bebé con Héctor, a súa parella ouvinte. O embarazo fai aflorar os seus medos fronte a maternidade e sobre como poderá comunicarse coa súa filla. A chegada da nena xera unha crise na parella e leva a Ángela a afrontar a crianza da súa filla nun mundo que non está feito para ela. Longametraxe baseada na curta de 2021 do mesmo nome.

O filme proxectarase na súa versión orixinal con subtítulos adaptados para persoas xordas e conta coa recomendación do ICAA para o fomento da igualdade de xénero.

«Un exercicio de cinema transparente e profundamente emotivo da man do excelente traballo da actriz non ouvinte Miriam Garlo»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Eva Libertad: «Quixen indagar no vínculo entre o mundo ouvinte e o mundo xordo»

Por *Fernando Bernal*

Tiña claro que a súa curta homónima de 2021 ía acabar sendo unha longa? A curta xorde como unha peza en si mesma, fixémoslo cun equipo moi pequeno de dez persoas, con Miriam (Garlo) e Pepe (Galera) como protagonistas. Eu podo contar esta historia sobre Ángela, esta muller xorda que quere ser nai, porque teño unha irmá xorda como Miriam. Ela compartiu comigo os seus pensamentos e os medos que lle sobreviñan ao verse como nai xorda nesta sociedade ouvinte e capacitista. Ao terminar a rodaxe, quedei con ganas de seguir traballando con ela, xa a dirixía en teatro, pero nunca lle poñía a cámara diante. E eu, como guionista, quería seguir indagando neste personaxe.

Pero non é unha película biográfica. A película non está baseada na vida de Miriam, nin ela é Ángela. Fixo un traballo de construción de personaxe, ten unha dicción e voz diferentes. Tendemos a pensar que cando unha actriz ten unha discapacidade non actúa, senón que se interpreta a si mesma. Como que a discapacidade fai o personaxe e isto quero aclaralo. Non se interpreta a si mesma.

O feito de que na película a protagonista xa sexa nai fixo que tivese que volver realizar todo o traballo investigación previo? A curta si é a historia real de Miriam, pero para a longa entrevistei a nais xordas, porque Miriam non é nai nin eu tampouco. Tiven unha fase de documentación, onde as nais faláron do embarazo, do parto e da crianza. Dos medos que sentían, de como se modificaban as relacións coa parella e coa familia despois da maternidade. Todas as nais tiñan experiencias distintas, pero ao final compartían o feito de ter que enfrontarse a certas barreiras comunicativas. Hai unha frase que dixo Borges que el só investigaba para os seus libros o 45% e o resto deixábo á imaxinación. E a miña idea era un pouco esa, non quería limitarme a facer unha historia sobre a xordeira, senón indagar nese vínculo entre o mundo oínte e o mundo xordo, que era algo que me atravesou durante toda a miña vida por ser irmá de Miriam.

Ata que punto o feito de que a protagonista sexa xorda condicionou ou influíu nas súas decisións de posta en escena? Foi determinante e tamén foi unha decisión consciente. Por unha banda, está o meu vínculo con Miriam, todas as torpezas que cometín, as meteduras de pata ou as aprendizaxes deixáronme un pouso. Doutra banda, a parte de documentación deume moita información que decidín trasladar á posta en escena. A percepción dunha persoa xorda da súa experiencia vital é a través dos ollos, co cal todo o captan a través da mirada. Cando a directora de fotografía Gina Ferrer entrou no proxecto, eu expliqueille todo isto e fomos tomando decisións conxuntas, por iso optamos por non perder profundidade de campo, porque Ángela percíbeo todo polos ollos. Investiguei sobre pintoras e pintores xordos, para ver como representaban o mundo e aí tomei conciencia de como os ollos e as mans son algo positivo e a boca e os oídos, algo negativo. As cores das súas pinturas son moi puras, e aí transmitílle a Gina que non iamos usar filtros. Tamén decidín que a película fose accesible e por iso gravamos a lingua de signos. Isto condiciona o encadre, case non hai primeiros planos ou planos de escoita, sempre teñen que entrar as mans da persoa.